

O ZORRO E O CAPÓN (3)



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_NoCa_0048_002_id2954_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_NoCa_0048_002_id2954.mp3
TIPO DE REXISTRO: Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)
 Transcrición de texto
DURACIÓN DO AUDIO: 0:00:48

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** 1997
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** Pousada
 - Concello:** Chantada
 - Provincia:** Lugo
 - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Guillermo Fernández Troitiño
 - Idade no momento da recollida:** 75 anos
- **RECOLLEDOR/ORA:** Manuel Meixide
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**
 - Título xenérico:** A paz entre os animais. O raposo e o galo -
Peace among the animal. The fox and the rooster
 - Tipo:** Contos de animais
 - Subtipo:** Animais salvaxes – A pícara raposa
 - Referencia:** 62 AT



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

Durante os anos 90 do século XX, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que participaron nas recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratreia.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, fábula

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICIÓN

Pasaba un labrego gallego polo camiño donde iba p'a súa finca e viu na cima dun penedo un capón cantando. E neste chamoulle a atención e o labrego sentouse, sentouse no camiño. Neste que ve vir ó zorro polo camiño arriba. Sendo que o zorro se puxo de pé e díxolle ó capón:

- Oes amigo, Baixa p'a baixo
- Home claro, pa que me comas!

E díxolle o zorro:

- Non home, non, porque aora veu unha lei de que podemos andar todos xuntos.

E contestoulle o capón:

- Oi amigo, as leis van e veñen.